



ACTA CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA
25 XANEIRO 2017

Sendo as 20:10 horas do día 25 de xaneiro de 2017 reúnense en primeira convocatoria no Centro Labrego Cultural de Reboreda baixo a presidencia de M^a José Barciela Barros as seguintes persoas :

Susana Couñago Andrés, representante de AER.

Eduardo Reguera Ocampo, representante do PsdeG-PSOE.

Alberto Pazos Couñago, representante do P.P.

José Antonio Rodríguez Míguez, representante das Asociacións de Augas.

Rocio Lorenzo Alonso, representante das Asociacións de Veciños.

Juan José Darriba Rivera, representante das Asociacións de Veciños.

Juan Carlos Fernández Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.

Vicent Hernández Ramírez, representante da ANPA.

Manuel Darriba Rivera, representante das Asociacións de Veciños.

Actuando coma Secretaria de actas M^a Lourdes Fernández Arines, funcionaria do Concello de Redondela, para tratar a seguinte ORDE DO DIA :

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2 .- Informar sobre o transporte e a Área Metropolitana de Vigo.
- 3 .- Dar conta das actuacións dos orzamentos participativos 2016.
- 4 .- Propostas para actuacións dos orzamentos participativos 2017.
- 5 .- Rogos e preguntas.

- 1 .- Aprobación da acta anterior.

Sométese a aprobación a acta da xuntanza anterior celebrada o día 18 de outubro do 2016.

Absteñense Eduardo Reguera Ocampo e Alberto Pazos Couñago por non estar presentes na xuntanza do consello parroquial anterior.

A acta queda aprobada cos votos a favor dos restantes membros presentes.

- 2 .- Informar sobre o transporte e a Área metropolitana de Vigo.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



A presidenta cede a palabra a Alberto Pazos Couñago, representante do Partido Popular, para informar os membros do consello a situación actual da Área Metropolitana e o seu transporte, este expón que trala reunión mantida entre os alcaldes da Área Metropolitana e o presidente da Xunta de Galicia e despois de moitas xuntanzas chegase o acordo de formalizar a Área Metropolitana de Vigo, dentro desta Área un dos aspectos mais importantes e o transporte metropolitano

Habia dous formas de levar a cabo dito transporte, por unha banda conforme foran caducando as competencias que tanto a Xunta de Galicia coma o Concello de Vigo teñen sobre as liñas de transporte nas suas zonas, estas irían pasando á Área Metropolitana, e por outra a incorporación o Plan de transporte de Galicia.

Así chegase a asinar o Convenio do Transporte Metropolitano.

O concello de Vigo, despois de asinar dito convenio, botouse atrás ó considerar agora que os mais beneficiados por esta lei son os cidadáns do resto dos concellos integrantes da área e que o concello de Vigo non debería aportar a mesma cantidade cos outros concellos. A Xunta de Galicia aporta o 80% do coste e o restante é aportado polas entidades locais e os usuarios. A discrepancia está no reparto da financiación dos transbordos dos veciños de fora de Vigo dentro dese municipio e a vinculación o non das viaxes en Vitrasa ás liñas interurbans.

Eduardo Reguera pide a palabra e dí que non lle parece normal que este tema incluíase na orde do día dun consello parroquial, que todo o mundo esta informado por diferentes medios da problemática da Área Metropolitana e o seu transporte, no Pleno do Concello de Redondela vaise discutir unha moción sobre este tema presentada polo Bloque Nacionalista Galego, pero non cree que sexa tema de discusión no consello. Manifesta que a pesar do que diga o representante do PP os que se levantaron da mesa de negociación da Área Metropolitana foi o partido popular. Opina que se ten que solucionar nunha mesa de negociación e que si non o consiguen que presente un recurso contencioso. Di que o Alcalde de Redondela debe estar nesa mesa a defender os dereitos dos redondelans e non levantarse.

A presidenta concédelle a palabra a Susana Couñago, representante de AER que indica que o Consello Parroquial está para tratar a problemática da parroquia non para decidir sobre a Área Metropolitana, e que se sorprende que dende o 2015 estase a tratar a Lei da Área Metropolitana e que nunca se tratou no consello, porque se trae agora? sae fora das suas competencias, e que existe un enfrentamento entre o Alcalde de Vigo e o Presidente da Xunta de Galicia, pero iso non lle incumbe o Consello Parroquial de Reboreda

Por outra banda pregunta en calidade de qué comparece o Sr. Pazos no Consello.

O Sr. Pazos responde que asiste en calidade de representante do Partido Popular, e que debido a sua condición é coñecedor directo deste tema pero que non está facendo ningunha valoración da actuación dos Alcaldes e recoñece que en Coruña, Santiago e Ferrol con gobernos de diferentes cores, os transportes metropolitanos funcionan perfectamente.

Susana Couñago opina que se está a empregar o Consello Parroquial de forma



partidista cando o que se debería facer é informar da maneira de conseguir a tarxeta de transporte.

3 .-Dar conta das actuacións dos orzamentos participativos 2016.

A Presidenta informa que, tal coma se acordara no consello Parroquial anterior, fixéronse dos muros, un deles en Santo Paio de Abaixo, parcela da Paradela e outro na parcela da Viruquita.

4 .- Propostas para actuacións orzamentos participativos 2017.

Juan Jose Darriba, representante das asociacións de veciños dí que antes de facer propostas teñen que reunirse as asociacións e chegar a acordos.

M^a Jose Barciela dí que o fagan canto antes e propón celebrar outro consello en marzo.

Tamén expón que está a ter problemas coa cultural de Reboreda porque non hai forma de porse en contacto co presidente e é consciente de que están a ter problemas económicos bastantes urxentes que deberían solucionar.

Comunicalle a José Antonio Rodríguez que, coma representante das Comunidades de Augas debería informar as outras traidas de augas dos temas do seu interese coma pode ser as subvencións que poden solicitar ou decirlle o que se falou no consello que poda ser da súa incumbencia.

José Antonio Rodríguez indica que non está estipulado en ningunha parte xuntanzas entre as comunidades de augas e que non cree que sexa da súa incumbencia informar a ninguén.

A Presidenta dí que él é o representante de todas as traídas de augas e que ten que informar sobre os temas que lle poidan afectar.

Alberto Pazos indica que este ano as bases da subvención dan a posibilidade de pedir anticipos.

Rocio Lorenzo pregunta si este ano non hai que adiantar os cartos.

Alberto Pazos dí que, algunhas veces, os banco facian unha cesión de crédito, é dicir, o banco adelantaba os cartos e cando viña a subvención quedabase con ella.

5 .- Rogos e preguntas.



Vicent Hernández pregunta, en relación coa circulación de vehículos pola rúa do colexio, se podría desviar o tráfico pesado pola rotonda nova, ou facer a dita rúa dirección única?.

M^a José Barciela di que en novembro tivo unha cita con Uxio, explicaronlle esta problemática, dixo que tiña que vir a ver o lugar pero aínda non veu.

En referencia o tema do Familia explica que alquilaron o terreo que está pegado ó supermercado, solicitaron permisos para facer obras ó concello de Redondela, que no concello están pendentes da concesión dos permisos previos por parte de ADIF e de Augas de Galicia e si estes organismos os conceden, é unha actuación regrada e os técnicos opinarán si teñen dereito ou non.

Susana Couñago solicita ó concello que limpe ou inste os propietarios a limpar os muros das fincas arredor do colexio debido a que a maleza que sae deles obrigan ó transporte escolar a separarse moito e entorpecer aínda máis a circulación.

Tamén solicita a instalación dun espello no cruce da Carambola porque entre a maleza e a dificultade do cruce os coches teñen que meter o morro e é perigoso para os rapaces que saen correndo.

Eduardo Reguera pregunta se vaise a facer o muro da Carambola, ó que a predidenta informa que está o proxecto redactado pero que falta a financiación, orredor de 116.000 €.

José Antonio Rodríguez pregunta se é posible a instalacións de badenes na baixada da estación nova ata a rotonda para que os coches baixen máis despacio, a presidenta vai informarse pero cree que non poden instalarse estes en pendente.

E non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, pola Sra. Presidenta dáse por rematada a mesma, sendo as vinteuna horas e quince minutos da data fixada no encabezamento, do que, coma secretaria do consello dou fe asinando a mesma xunto coa presidenta.